

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR PARA O PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

PRIMEIRA-DENOMINACIÓN:

O obxectivo da presente convocatoria é poñer en marcha o programa de emprego “REDONDELA TIC III” dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de **424.836,96 €** para a contratación de persoal para realizar o programa de emprego “REDONDELA TIC III”, con data de 03/08/2023 ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 78, do 24/04/2023, normativa de aplicación.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 03/08/2023 con número de expediente 36/00005/2023 e as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023.

Segundo o establecido nas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado-traballador que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.



Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

-**8 prazas** para a especialidade formativa de **Deseño gráfico para a comunicación**: nivel 3.

-**8 prazas** para especialidade formativa de **Hostalería**: nivel 2.

Formalizarase un **CONTRATO DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA**.

De acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non será de aplicación o límite de idade nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2 a) e b) de dito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactancia e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

Os contratos de traballo serán a xornada completa de **40 horas semanais**. Realizarase por un **período máximo de 12 meses e non poderán exceder a data de remate do programa de emprego**, incluídas as vacacións que lles correspondan.

O Programa de Emprego desenvolverase nas instalacións que o concello estableza ao efecto, ademáis das distintas ubicacións nas que se poida realizar a obra de interese xeral.

As retribucións brutas mensuais por persoa serán de **1.260,00 euros** (Soldo e pro rata de paga extra) .

SEGUNDA-FUNCIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS:

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas das especialidades formativas para as que se contrate.
- Realizar a obra relacionada coa especialidade formativa para as que se contrate.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersonais do programa de emprego legalmente constituídos.



- Cumprir coas demais obrigas inherentes á relación laboral.

TERCEIRA-REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para ser admitidas na presente convocatoria:

a) Ter **cumpridos dezaoiro ou máis anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no momento da selección do alumnado, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1 a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Ademáis deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real decreto-Lei 6/2016, do 23 de decembro e modificacións posteriores, con carácter previo a participar nos programas de emprego.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de formación en alternancia.

b) Cumprir **os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia** co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que ese aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

c) Para a **especialidade formativa Deseño Gráfico para a comunicación, cumprir os requisitos de acceso a certificado de cualificación profesional nivel 3**, segundo a Orde do 7 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro) e as súas posteriores modificacións ou estar en condición de obtelo á data de remate do prazo de admisión de solicitudes.



d) Para a **especialidade formativa Hostalería, nivel 2, cumprir os requisitos de acceso a certificado de cualificación profesional nivel 2**, segundo a Orde do 7 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro) e as súas posteriores modificacións ou estar en condición de obtelo á data de remate do prazo de admisión de solicitudes.

e) **Non ter realizado os seguintes certificados de profesionalidade:**

- **DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS (ARGG0110)**
- **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112): MF2187_3; MF2188_3; MF2189_3**
- **OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108)**
- **SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA (HOTR0508)**

Ademais, se a persoa candidata participou con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

f) **Estar desempleado/a como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.** Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de formación e aprendizaxe.

g) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

h) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que inhabilite para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

i) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para



empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

j) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

CUARTA- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O concello **recorrerá á oficina pública de emprego correspondente do servizo público de emprego de Galicia**, tendo en conta os requisitos da oferta de emprego expostas nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023 e o establecido no artigo 12 da Orde do 12 de abril de 2023 para realizar a preselección de persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases. O número mínimo de persoas candidatas a preseleccionar pola oficina de emprego será de **3 por praza**.

As persoas preseleccionadas deberán presentar unha instancia (ANEXO I) cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello (www.redondela.gal, apartado de emprego público, prazas de persoal temporal) e será dirixida á Alcaldía.

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, na data na que remate o prazo de presentación de instancias e que acepta e acata as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento efectuado polo concello. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos



deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

No caso de non presentar a instancia no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

As persoas aspirantes con diversidade funcional que precisen adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberán indicar na súa solicitude as adaptacións concretas que pretenden, as cales deberán gardar relación directa coa proba a realizar e deberán acreditar fehacientemente a citada diversidade funcional, segundo o previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional.

No caso de que se presente a instancia a través da sede electrónica, por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, a documentación adxunta á solicitude deberá subirse nun único documento ou de ser tecnicamente inviable, debe realizarse no menor número de documentos posibles ou nun arquivo comprimido. Todos os documentos deberán ter un título que facilite a súa identificación.

Por razóns de eficiencia e axilidade na tramitación do procedemento, a documentación só se compulsará ás persoas que sexan propostas polo órgano de selección para a contratación, as cales deberán achegar a documentación orixinal no intre en que llelo solicite o concello.

Coa instancia ANEXO I, **as persoas aspirantes achegarán a seguinte documentación:**

-Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, en vigor, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.

-Certificado actualizado do organismo correspondente que se indique que a persoa aspirante **figura inscrita e en situación de beneficiaria no Fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**. Terá que ser expedido con data posterior á publicación das bases.



-**Declaración responsable** na que se indique que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora do **contrato para a formación en alternancia**; de non ter realizado os certificados de profesionalidade que se recollen no apartado c) ou d) da base terceira e que está desempregado/a como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego, segundo modelo ANEXO II.

-**Vida laboral actualizada** ou no caso de **non estar nunca de alta** no Sistema da Seguridade Social, achegar **documento que o acredite**. Terán que ser expedidos con data posterior á publicación destas bases.

- Informe actualizado de **períodos de inscrición como demandantes de emprego**.

-**Fotocopia da documentación** que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso a certificado de **cualificación profesional nivel 3 para a especialidade Deseño Gráfico para a comunicación e de nivel 2 para a especialidade de Hostalería**. Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

-**Xustificante** de ter unha **diversidade funcional igual ou superior ao 33%** (de ser o caso).

-**Fotocopia ou orixinais** da documentación que se achegue como **méritos das situacións recollidas na fase de concurso**. A documentación presentarse ordenada seguindo a orde establecida no baremo que consta nestas bases e indicando a relación de documentos que presenta para ser valorados.

Para xustificar os méritos ou as situacións a valorar, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación da documentación, deberán achegar neste prazo, a correspondente solicitude ou copia, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.



QUINTA-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas emendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas fixarase o órgano de selección e a data, hora e lugar de realización da proba oral, que se publicará na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.



SEXTA-ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por 5 membros que serán nomeados pola Alcaldía, segundo o disposto nos artigos 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 60, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (EBEP), dos que se designarán suplentes.

O órgano de selección serán colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

-Vogal: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

-Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos órganos de selección as persoas de elección ou designación política nin os funcionarios interinos e o persoal eventual. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O órgano de selección deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do órgano de selección, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co



voto de calidade do/a presidente/a do órgano de selección.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión.

A partir da sesión constitutiva, o órgano de selección requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Se o órgano de selección se constituíse cun/ha suplente, isto non implica que a persoa titular non poida incorporarse a este con posterioridade. O órgano de selección axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria.

Non obstante, o órgano de selección resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia.

O órgano de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con diversidade funcional gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que o resto das persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

Os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.



O órgano de selección poderá acordar a asistencia das persoas asesoras especialistas que considere oportunos para todas ou algunha das probas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, de acordo co previsto no seu articulado, proceda abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establece que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizados pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto e no acordo da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Redondela do día 25/02/2022.

SÉTIMA- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS:

1 Con anterioridade á fase de concurso farase unha **proba oral** polas persoas aspirantes, fixándose a data, hora e lugar de realización que se publicará na sede electrónica, na páxina web (no apartado de Emprego Público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización desta fase coa exposición desta publicación.

2 As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente, en caso de persoas estranxeiras, en vigor e serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo órgano de selección con absoluta liberdade de criterio. Con carácter xeral, a non presentación dunha persoa aspirante ao exercicio no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar nel, quedando excluída do procedemento selectivo.

3 O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento, ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

4 A orde de actuación das persoas aspirantes para realizar esta fase comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra que resulte do sorteo ao que se refire o



Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia do ano en que se celebre o proceso selectivo. Para o ano 2023 a orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética a partir da letra V.

5 No suposto de que haxa persoas aspirantes con diversidade funcional que expresamente solicitaran a adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, o órgano de selección, á vista da documentación achegada, resolverá sobre a solicitude de adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo para a realización das probas selectivas, en función das circunstancias específicas de cada proba selectiva, segundo o previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional.

6 Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do órgano de selección, as persoas colaboradoras designadas por este, no seu caso, e as persoas opositoras.

7 Tras concluír o proceso selectivo, o órgano de selección publicará as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes no local de realización da proba oral, na sede electrónica, na páxina web (no apartado de Emprego Público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.

8 O prazo para **presentar reclamacións ás puntuacións das dúas fases será de dous (2) días hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación das notas no **taboleiro de anuncios**.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada.

9 Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante á Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.



OITAVA- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección constará de dúas fases:

-**Proba oral**, que terá un valor máximo de 10 puntos e representará 60% da puntuación.

-**Fase de concurso**, que terá un valor máximo de 10 puntos e representará o 40% da puntuación.

1-PROBA ORAL (Puntuación máxima: 10 puntos, que representa o 60% da puntuación).

Consistirá na formulación dunha serie de preguntas, aprobadas previamente polo órgano de selección, co obxectivo de avaliar o interese das persoas desempregadas en participar no proxecto, as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van a desenvolver.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos.

2-FASE DE CONCURSO: (Puntuación máxima: 10 puntos, que representa o 40% da puntuación).

Tras finalizar a fase de oposición, o órgano de selección pasará a baremar a documentación e as circunstancias correspondentes á fase de concurso que foron presentadas por aquelas persoas que superaran a fase de oposición.

O órgano de selección poderá acordar que a realización da fase de concurso se realice inmediatamente despois de finalizar a fase de oposición ou ben, nunha data posterior. Neste último suposto, a data de realización da fase de concurso será publicada na sede electrónica, na páxina web (no apartado de Emprego Público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.

Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias. Os méritos que non se acheguen ou aleguen coa instancia ou non se acrediten antes a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo órgano de selección.



Para xustificar os méritos, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberán achegar coa instancia, a correspondente solicitude realizada ao organismo que corresponda e presentar posteriormente a documentación pendente de entrega. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso. Tendo en conta que a data da fase de concurso pode coincidir coa data da fase de oposición de acordo coa decisión que adopte o órgano de selección, a data de referencia para a presentación desta documentación, será o día anterior á data da fase de oposición.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos achegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

Para calcular os períodos de tempo tomarase como referencia a data da **resolución pola que se aproban as bases reguladoras deste proceso selectivo.**

A puntuación máxima que se pode obter nesta fase é de **10 puntos.**

O baremo de puntuacións será o seguinte:

1-Ter solicitado, no último ano dende a data da resolución pola que se aproban estas bases, na súa demanda de emprego algúns destes servizos: 0,50 puntos.

-320: Escola taller programas; 330: Casa de Oficio; 340: Taller de Emprego; 370: Outros programas de emprego formación dual a través da demanda de emprego.

(Acreditarase cun documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que o acredite)

2-Ter previsto, no último ano dende a data da resolución pola que se aproban estas bases, a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral: 1 punto.

(Acreditarase co informe do Orientador/a laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidade colaboradora ou cun documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que o acredite).



3-Non ter participado nun Programa/Obradoiro de Emprego: 2,75 puntos.

(Acreditarase co informe de vida laboral actualizado ou no caso de non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade Social, co documento que o acredite. Terán que ser expedidos con data posterior á resolución destas bases)

4-Persoas con diversidade funcional de, polo menos, o 33%, sempre que sexa compatible coas funcións a desenvolver: 0,50 puntos.

(Acreditarase coa fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade funcional).

5-Idade:

- Maior de 18 anos e menor de 20: 0,50 puntos
- Entre os 20 anos e menor de 25: 1,25 puntos
- Entre os 25 anos e menor de 30: 1,75 puntos

(Acreditarase coa fotocopia do DNI)

6-Experiencia laboral previa:

- Ningunha: 1,75 puntos
- Ata 6 meses: 1,25 puntos
- Maior de 6 meses: 0,50 puntos

(Acreditarase co informe de vida laboral actualizado ou no caso de non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade Social, co documento que o acredite. Terán que ser expedidos con data posterior á resolución destas bases)

7- Nivel de formación académica:

- Baixa (que non posúa un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de formación profesional) Ata graduado en ESO: 1,75 puntos.
- Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, ciclo medio de formación profesional ou bacharelato): 1,25 puntos.
- Alta (que posúa certificado de profesionalidade de nivel 3, ciclo superior de formación



profesional ou titulación universitaria): 0,50 puntos.

(Acreditarase mediante fotocopia do/s título/s ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo/s ou certificación/s oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición).

NOVENA-ORDENACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Tras rematar a cualificación, o órgano de selección publicará na sede electrónica, na páxina web (no apartado de Emprego Público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello, a relación de persoas propostas para participar no proxecto por orde de puntuación obtida, cunha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas en calquera momento da duración do proxecto.

No caso de empate na puntuación final, os postos adxudicaranse ás persoas aspirantes que obtiveran a maior puntuación, segundo a seguinte orde:

- a) Non ter participado nunca nun Programa/Obradoiro de Emprego.
- b) Menor cualificación académica.
- c) Idade, tendo preferencia a persoa maior.
- d) Experiencia laboral, tendo preferencia a persoas coa menor experiencia.

A entidade promotora deberá **remitir a listaxe á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que as persoas seleccionadas cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto**. Se algún dos/as alumnos/as propostos/as non cumpriran ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Posteriormente elevará a dita relación á Alcaldía para que proceda a formalizar os correspondentes contratos de traballo.

Tras rematar o procedemento de selección, o concello **remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes no modelo establecido nas Instrucións e da Dirección Xeral de**



Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023.

As persoas seleccionadas terán que presentar, no prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

- 1) Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- 2) Orixinais, no seu caso, dos documentos presentados na fase de concurso.
- 3) Declaración responsables de cumprir os requisitos sinalados na base 3.^a apartados h), i) e j).
- 4) Certificado ou informe médico oficial, cunha antigüidade máxima de 3 meses, no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria (de non conseguir no prazo indicado o documento médico, a persoa aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).
- 5) Número de afiliación á Seguridade Social.
- 6) Certificación de conta bancaria, segundo o modelo que lle facilitará o concello.
- 7) Certificado actualizado do organismo correspondente que se indique que a persoa aspirante figura inscrita e en situación de beneficiaria no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

DÉCIMA-FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS:

Tras rematar o proceso selectivo e expirado o prazo de presentación de documentación, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas seleccionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA-LISTA DE RESERVA:

Tras rematar o proceso selectivo, o órgano de selección elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases do proceso de selección, obtivesen as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa/s proposta/s para ocupar cada unha das prazas obxecto da convocatoria.



Esta lista poderase empregar para cubrir se fose necesario algunha renuncia que se produza unha vez iniciada a prestación da actividade polas persoas candidatas inicialmente seleccionadas. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningunha das persoas integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello de Redondela, o concello poderá iniciar un novo procedemento de selección segundo o previsto nestas bases, as cales seguirán sendo de aplicación para a contratación dun/ha persoa substituta da persoa titular do posto por renuncia, sendo a duración do contrato como máximo, en todos os casos, o que reste para a finalización do proxecto.

DÉCIMO SEGUNDA-NORMAS DE APLICACIÓN:

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEG), no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (TR353B), publicada no DOG núm. 78, do 24/04/2023, normativa de aplicación; a Resolución de concesión da subvención, de data do 03/08/2023 con número de expediente 36/00005/2023, e Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023.

De xeito supletorio e para resolver dúbidas aplicaranse as Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no BOPPO, núm.: 50, do 13/03/2015 e no núm.: 77, do 22/04/2016.



DÉCIMA TERCEIRA-IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta, así como das actuacións do órgano de selección, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación destas bases.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento destes.

DÉCIMO CUARTA-PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

A lexitimación para tratar estes datos deriva das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13/03/2015 e polas súas rectificacións que se publicaron no BOPPO núm. 77, do 22/04/2016 e das presentes





bases.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaición legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal.

Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, R / Jorge Juan, núm.: 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



ANEXO I

PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS “REDONDELA TIC III”:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

Nome e Apelidos:
DNI:
Teléfono/s:
Enderezo postal:
Enderezo electrónico:

Expoño:

-Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARA O PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

-Que me dou por enterado/a de que este programa está cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo Plus (Programa FSE+Galicia 2021-2027) e promovido polo Concello de Redondela.

-Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo de: **(marcar o que corresponda)**

___ Alumnado-traballador especialidade Deseño Gráfico para a comunicación/

Prioridade: ___

___ Alumnado-traballador especialidade Hostalería/ **Prioridade:** ___

No caso de que o Servizo Público de Emprego remita a súa candidatura para as dúas especialidades formativas, debe indicar a súa “PRIORIDADE”: “1” para a primeira prioridade e “2” para a segunda prioridade.

-Que achego a documentación relativa a identidade, requisitos e baremo que figura na BASE CUARTA: **(marcar o que corresponda)**

___ DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade.



___ Certificado actualizado do organismo correspondente que se indique que a persoa aspirante figura inscrita e en situación de beneficiaria no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Terá que ser expedido con data posterior á publicación destas bases.

___ Declaracións responsables ANEXO II.

___ Vida laboral actualizado ou no caso de non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade Social, documento que o acredite. Terán que ser expedidos con data posterior á publicación destas bases.

___ Fotocopia do/s título/s ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo/s ou certificación/s oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición que acredite a formación académica.

___ Xustificante de ter unha diversidade funcional igual ou superior ao 33% (de ser o caso).

___ Documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite ter solicitado, no último ano dende a data da resolución pola que se aproban estas bases, na súa demanda de emprego algúns destes servizos: 320: Escola taller programas; 330: Casa de Oficio; 340: Taller de Emprego; 370: Outros programas de emprego formación dual a través da demanda de emprego.

___ Informe do/a Orientador/a laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidade colaboradora ou documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral no último ano dende a data da resolución pola que se aproban estas bases.

Por todo o anterior, SOLICITO que se me teña en conta para a participación no proceso selectivo.

En..... a de de 2023

Sinatura

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA



ANEXO II

Nome e Apelidos:
DNI:
Teléfono/s:
Enderezo postal:
Enderezo electrónico:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe co obxecto de estar vinculado mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que ese aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

2- Non ter realizado os seguintes certificados de profesionalidade:

- **DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS (ARGG0110)**
- **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112): MF2187_3; MF2188_3; MF2189_3**
- **OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108)**
- **SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA (HOTR0508)**

Non participei con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego no que se cursaba o mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

3- Estar desempleado/a como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.

En..... a de de 2023

Sinatura

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA.

